

Ola familias, xa temos todo listo para comezar unha nova aventura. A biblioteca escolar abrirá as súas portas a partires do luns 28 deste mes. O horario para empréstitos será os luns, mércores, xoves e venres nas seguintes horas:

-De 11:30-12:00h: empréstitos para o alumnado que está en horario escolar.

-De 16:00-17:30h: empréstitos tanto para o alumnado como para as familias. Durante o horario de tarde o uso será exclusivamente de empréstito.

Coma en anos anteriores, poderedes facer 3 empréstitos durante 15 días. Animádevos a vir e descubrir as novidades que temos tanto para os cativos como para as familias! Así mesmo, lembrade a importancia que ten que os empréstitos sexan devoltos a tempo para que toda a comunidade educativa se poida beneficiar dos recursos da biblioteca.

Tamén queremos contarvos que este curso celebramos o “Ano internacional das linguas indíxenas” a través do noso Proxecto Documental Integrado “Persoas iguais, linguas diversas”. Pensáchedes algunha vez en que pasaría se a nosa lingua se perdese para sempre? Ou de que forma nos enriquecen as distintas linguas que existen no planeta Terra? Sobre todas estas cuestións e moito mais queremos reflexionar e aprender.

Se queredes seguir as nosas pegadas, poderedes facelo a través do blogue da biblioteca, a Biblioteca dos Mil Mundos.



2019 | AÑO INTERNACIONAL DE LAS
Lenguas Indígenas

